

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES EN DATA 20 DE XULLO DE 2023**

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO, ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

##### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

“1. Coa posta en marcha da nova legislatura e ante a necesidade de que os partidos políticos da corporación poidan ter canto antes un local axeitado, onde levar a cabo o seu labor ao servizo dos cidadáns de Cambre e próximo ao concello, tal como especifica o artigo 11 do Regulamento orgánico municipal, o grupo municipal do Partido Popular pregunta ao alcalde:

Se se empezou a mirar posibles opcións de locais en aluguer no centro de Cambre, ante a existencia de varios dispoñibles no casco urbano, tal como prometeu facer de inmediato o alcalde no anterior pleno?

Para cando cre que pode estar dispoñible o local para os grupos políticos?”

O Sr. alcalde intervén e manifesta que se miraron dous locais, pero non daban as medidas para facer cinco despachos pequenos, máis unha sala de reunións e un baño como mínimo; que hai outros dous locais; un que está para reformar totalmente e outro onde tiñan antes o establecemento Vila os electrodomésticos e tamén está para reformar; que quedaron en contestar se o alugaban ou non e que unha vez que o arquitecto realice o estudo do que costa a reparación, dará conta disto.

A Sra. Piñeiro Fernández pregunta cantos metros cadrados se necesitan; ao que o señor alcalde contesta que 120 m<sup>2</sup> como mínimo e engade que non hai moito no centro de Cambre.

##### **Pregunta de Alternativa dos Veciños presentada oralmente**

“1.- Hai algún avance no prego de ‘parques, xardíns, fontes, lavadoiros’ ”

O Sr. alcalde dille que a remita por correo.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVICIOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE, SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

**ROGOS E PREGUNTAS**

**Rogos do PP presentados por escrito**

“1.- Os veciños e usuarios do parque infantil situado no arredor do santuario mariano de Altamira, en Anceis, amosan as súas queixas pola necesidade de que o citado parque sexa renovado de maneira urxente, ante o mal estado en que se encontra e a falta de medidas de seguridade, tal como se observa nas fotografías que se achegan.

De aí, que, dende o grupo municipal do Partido Popular se solicita ao concelleiro competente, que se leve a cabo a renovación do parque infantil e se reforcen as medidas de seguridade para os usuarios, medidas que un concello coas capacidades do de Cambre, non pode pasar por alto e son a súa responsabilidade que estas sexan cumpridas”.

O Sr. presidente intervén e manifesta que o Sr. González Leirós lle contestará por escrito.

“2.- Tal como dispón a Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados, os concellos españois deberán ter antes de 2023 un censo de edificios e infraestruturas con amianto, que conteñan esta substancia canceríxena e un plan para eliminado.

Ante isto, o partido Popular solicita que o concelleiro competente informe da situación na que está a aplicación da citada lei no Concello de Cambre e se adopten as medidas necesarias para levala a cabo.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen di que acepta o rogo.

“3.- Ante o mal estado xeral no que se encontran as marquesiñas do noso municipio, como se pode observar nas fotografías que se achegan e as queixas continuas presentadas polos veciños, o partido Popular solicita:

Que se leve a cabo un plan de renovación integral de todas as marquesiñas do municipio, incluídas as de responsabilidade doutras administracións, para o que solicita ao concelleiro competente que leve a cabo as xestións oportunas e acelere as que poidan estar en marcha”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen di que acepta o rogo e sinala que a día de hoxe se conta cun prego de mantemento de todas as marquesiñas do municipio que se atopa no departamento de Contratación.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

“1.- Ante as queixas dos veciños de Cambre sobre o estado no que se encontran os nosos camiños, rúas e lugares sen rozar ou mal rozados, provocando nalgúns lugares problemas por falta de visibilidade (sobre todo nas curvas) e por ser tamén eventuais focos de incendios, sobre todo coa chegada das elevadas temperaturas que estamos a sufrir este verán. Dende o grupo municipal do Partido Popular se quere saber:

Se o concelleiro competente está a adoptar as medidas necesarias para axilizar e mellorar as rozas a realizar no noso municipio?

Que parroquias ou zonas foron xa rozadas e en que prazos se executarán o resto?”

O Sr. presidente intervén e manifesta que en relación coa primeira pregunta contesta que si; que se adjudicou en Xunta de Goberno Local; que tiña que estar en funcionamento dende primeiros de maio; que está no departamento de Contratación dende febreiro, por discrepancias entre funcionarios respecto do prego de condicións e que se chegou ata aquí; que pide desculpas ás veciñas e veciños de Cambre.

Concedida a palabra á Sra. Piñeiro Fernández manifesta que é unha tristeza ver como está Cambre; ao que o Sr. Presidente contesta que o sabe.

“2.- Nas últimas semanas colocáronse case corenta novos farois en pasos de peóns nas zonas urbanas de Cambre, O Temple e A Barcala para intentar dar reforzo ás condicións de iluminación en varios puntos das áreas urbanas.

Todos os pasos levan incorporada unha tira con luces led que os fai máis visibles a distancia e que funciona como un sinal de advertencia para os condutores, ante o aluvián de incidencias trasladadas polos veciños o Concello decidiu apagar temporalmente os sinais luminosos. O Partido Popular pregunta:

Se despois de dúas semanas, o goberno local pensou algunha solución factible ao problema, á parte de apagar os farois?.

Cal foi o custo total de estudo, compra e instalación deste novo sistema de iluminación financiado coa subvención do IDAE (Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía) e as arcas municipais, dentro do Plan global de eficiencia enerxética de 1.850.775,91 euros?”

O Sr. presidente intervén e manifesta que o Sr. González Leirós lle contestará por escrito.

“3.- Ante o avance da dragaxe da ría do Burgo, o grupo municipal do Partido Popular pregunta:

Cando se retirarán os bloques instalados no paseo marítimo do Temple para insonorizar a obra, ante o avance da dragaxe cara á costa de Oleiros?

Cal é a postura do Concello de Cambre ante a concesión de Costas á petición de Oleiros de conectar o paseo de Beiramar (en Oleiros) e O Graxal, para crear unha senda marítima e que esas obras vaian a comezar xa supostamente nesta semana?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen di que os bloques se retirarán tan pronto rematen as obras; que en canto aos paseos, lembra que o Concello de Cambre foi o primeiro en solicitalo e que está totalmente a prol de que se faga antes.

#### **Rogos de Alternativa dos Veciños presentados oralmente**

1.- Queren rogar que se faga forza dende o Concello ou tomar as medidas necesarias tanto no cruzamento da botica do Agro como no cruzamento do paseo fluvial na zona.

O Sr. presidente intervén e manifesta que a Xunta de Galicia prometeu que os ía a facer; que posteriormente dixo que non porque estaba moi preto da glorieta; que está en contacto e de acordo cos veciños e probablemente farán manifestacións e cortes e que se comunicarán.

2.- Xa hai meses reclamaron un estudo na rúa Estanque e rúa Abeleira xa que son utilizadas como zona de paso para evitar a costa da Tapia. Rogan que se volva a estudar a necesidade de, cando menos, elevar eses pasos de peóns.

O Sr. presidente manifesta que ten razón; que acepta o rogo e di que a idea é elevar os pasos de peóns en todas as rúas novas.

3.- Rogan que se axilicen as rozas en zonas de maior tránsito de peóns.

O Sr. presidente intervén e di que acepta o rogo; que intentan axilizar este tipo de situacións e non esperar ao contrato porque sabía que ía tardar e que o tractor do concello rompe cada vez.

#### **Rogo do Bloque Nacionalista Galego presentado oralmente**

1.- Respecto das luminarias, expón que lle gustaría ter acceso ao expediente de contratación.

O Sr. presidente intervén e manifesta que está de acordo e que o solicite por escrito.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES,  
XUVENTUDE, EDUCACIÓN E CULTURA**

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

“1ª.- A raíz de levar a cabo a aprobación inicial das bases para a XV convocatoria do concurso de escaparates do nadal do 2023 do Concello de Cambre, o Partido Popular pregunta:

Se dende a área de Desenvolvemento Local se van a programar novas actuacións e campañas no período do nadal, ademais das xa existentes?”.

O Sr. presidente intervén e manifesta que novas actuacións non; o que se decidiu é complementar e mellorar as actuacións anteriores, tales como o poboado do nadal no parque Ramón Barba e a mellora do sistema da plataforma dixital do “rasca e gaña”; que isto se fai por cuestións de tempo, dado que xa se está no mes de agosto, e di que para o ano seguinte, co inicio do ano formalizarán e estudarán novas iniciativas para o nadal.

### **Pregunta do Bloque Nacionalista Galego presentado oralmente**

1.- En relación co anuncio publicado nas redes sociais relativo á supresión de dúas prazas de profesorado no CEIP de Cambre, que noticias ten o concello e que xestións se realizaron respecto disto.

O Sr. presidente intervén e manifesta que se lle contestará por escrito; que anticipa que están a redactar unha moción sobre educación e personalizando sobre este asunto; que se porá en contacto cos concelleiros para presentala e se consideran que pode ser unha moción institucional a presentarán así; senón a presentará o equipo de goberno.

### **Rogos de Alternativa dos Veciños presentados oralmente**

1.- Que se actualice en google o horario da biblioteca central.

2.- Que se instale un buzón para devolver libros fóra do horario de apertura.

### **Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas oralmente**

1.- En que estado se encontran as bolsas de estudo?.

2.- En que situación se encontran as bolsas de deportistas?.

O Sr. presidente intervén e di que se lle contestará por escrito.